



CULLEREDO
CONCELLO
Conservatorio Profesional de Música

Programación

DIDÁCTICA

TROMPETA

Conservatorio Profesional de
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30
15670 O BURGO-CULLEREDO
Tfno. 981.667798
e-mail: conservatorio@culleredo.es

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

1. INTRODUCCIÓN

No presente curso 2021 / 2022 contemplárase o disposto nas Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2021 / 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, así como o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021 / 2022.

Realizarase unha avaliación inicial durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitirán identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar decisións de actuación por parte do profesorado.

A programación contempla o ensino presencial. No caso de que a situación sanitaria o requira, contemplárase o ensino semipresencial ou non presencial. Nestes casos seguirán vixentes os contidos, obxectivos e criterios de avaliación que constan na programación, sen prexuízo das adaptacións que se consideren chegada o caso.

No caso de que un alumno, alumna ou profesor se atope nunha situación de cuarentena preventiva, as clases desenvolveranse de modo telemático no mesmo horario que o alumno/a tiña asinado anteriormente. Para a realización destas clases, utilizaranse as aplicacións da plataforma Google Workspace activadas polo centro. Utilizaranse, se é o caso, a dixitalización de partituras, gravacións de audio e vídeo tanto polos docentes como polo alumnado e a comunicación co alumnado por medio do correo electrónico corporativo.

Seguindo as indicacións do profesor, na parte práctica da materia, o alumnado enviará arquivos de vídeo ou audio coas tarefas propostas ao correo electrónico corporativo do

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

profesorado. No caso das tarefas teóricas, o alumnado realizará os traballos correspondentes e enviará un arquivo de imaxe ou pdf ao correo corporativo do profesor. O alumnado respectará os prazos, formatos e protocolos establecidos. Nas vídeo conferencias para as clases non presenciais, o alumnado deberá ter a súa cámara e audio acendidos, agás nos casos que as deficiencias técnicas non o permitan.

Os procedementos de avaliación serán os dispostos na programación, xa que tanto no caso de ensino presencial como non presencial, considérase que se poden manter os contidos e obxectivos reflectidos na mesma.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberán adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados no decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

TEMAS TRANSVERSAIS - EDUCACIÓN EN VALORES

As ensinanzas de música nos conservatorios deberán fomentar a educación en valores tales como a educación para a paz, a educación ambiental, a igualdade de oportunidades entre sexos, educación cívica e moral, educación para a saúde, etc

GRAO ELEMENTAL (segundo o Decreto 198/2007)

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CULLEREDO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

OBXECTIVOS XERAIS

O ensino de instrumentos de vento metal no grado elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre as dúas mans mans.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- c) Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- f) Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

CONTIDOS XERAIS

- Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Fortalecemento dos músculos faciais.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son.

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CULLEREDO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Estudos de emisión do son.
- Principios básicos de dixitación.
- Práctica das articulacións.
- Traballo da dinámica.
- Desenvolvemento da flexibilidade dos labios, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas.
- Estudo da boquilla.
- Utilización de instrumentos afíns que, por tamaño, faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta (cornetín ou corneta de pistóns).
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos. Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Selección progresiva canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto.

OBXECTIVOS DO 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

O ensino da trompeta no 1º curso de grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Mostrar os fundamentos dunha posición corporal correcta tanto nunha posición erguida como sentada.
- Saber apreciar o esencial no dominio do propio corpo para o posterior desenvolvemento da técnica instrumental.
- Conseguir unha toma de aire (inspiración) relaxada e profunda.
- Adoptar unha posición da embocadura que permita unha correcta produción do son.
- Tomar conciencia da importancia na consecución dun son estable e centrado en case toda a extensión do instrumento.
- Coñece-las indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación que se atopan nos textos musicais propostos neste curso.
- Introducir ao alumno no emprego dos intervalos, articulacións, ataques e ritmos.
- Iniciar ao alumno na corrección, seguindo os seus propios reflexos da afinación das notas e a calidade de son.
- Iniciar ao alumno na práctica musical en grupo e o hábito de escoitar outros instrumentos e de adaptarse a un conxunto.
- Memorizar pequenos fragmentos musicais e as escalas programadas no curso.
- Coñecer as posicións da trompeta.
- Asimilar os coñecementos adquiridos.

CONTIDOS DO 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
- Estudos de emisión do son.
- Principios básicos da dixitación Práctica das distintas articulacións.
- Estudo da afinación Tráballo da dinámica.
- Tráballo dos diferentes intervalos.
- Estudo das diferentes escalas maiores e menores.
- Estudos da boquilla.
- Utilización de instrumentos afíns, que por tamaño faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta (**cornetín ou corneta de pistóns**).
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudos correctos e eficaces.
- Selección progresiva en canto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Práctica de conxunto.
- Práctica das escalas do curso.

Recursos 1º Curso G. Elemental:

Escoitar, ler e tocar vol. 1.....Ed: de Haske

Le trompettiste en Herbe.....F. Daneels

Embouchure Builder.....L. Little

Temporalización dos contidos

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CULLEREDO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Primeira Avaliación:

Exercicios marcados polo mestre sobre: posición corporal, respiración, vibración dos beizos (buzzing), boquilla, primeiros sons do instrumento.

Escoitar, ler e tocar vol. 1.....lección 1-5

O trompetista en Herbe.....exer. 1-32

Segunda Avaliación:

Escoitar, ler e tocar vol. 1.....lección 6-13

O trompetista en Herbe.....exer. 33-64

Escala de Do M unha oitava (de memoria) e o seu arpejo.

Terceira Avaliación:

Escoitar, ler e tocar vol. 1.....leccións 14-20

O trompetista en Herbe.....exer.65-95

Escala cromática en ámbito dunha oitava (de memoria)

Mínimos esixibles:

Os criterios A e B serán considerados mínimos esixibles

Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a obtención das calificacións o profesor disporá das seguintes ferramentas e procedementos de avaliación

-Observación sistemática.

-Diario de clase.

-Audicións de alumnos.

-Grabacións en audio o vídeo.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

-Probas de nivel.

Criterios de cualificación

- Traballo personal (semanal de aula): 70%
- Actitude: 10%
- Audicións- Grao de consecución do repertorio: 20%

Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais

- Texto (dificultade da obra, fidelidade á partitura, memoria): 20%
- Ritmo (precisión, exactitude rítmica, tempo): 20%
- Musicalidade estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escena): 20%
- Técnica (articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, dixitación, rexistro): 40%.

OBXECTIVOS DO 2º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

O ensino da trompeta no 2º curso de grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Desenvolver os fundamentos dunha posición corporal correcta do instrumento e o instrumentista.
- Afianzar o proceso da inspiración e expulsión do aire.
- Iniciar ó alumno no control necesario dos músculos que conforman a embocadura permitindo unha boa calidade sonora a través de tódolos rexistros.
- Conseguir flexibilidade nos intervalos, articulacións, ataques e ritmos.
- Desenvolver a práctica musical en grupo e o hábito de escoitar outros instrumentos e de adaptarse harmónicamente a un conxunto.
- Desenvolver a capacidade de interpretar en público e coa necesaria seguridade en si mesmos, que lles permita vivir a música como medio de comunicación.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Establecer a habilidade de lectura a primeira vista que lles permita participar nun conxunto e ter acceso a um repertorio máis amplo.
- Elaborar coa axuda do profesor un sistema de traballo individual aplicable ó estudio diario.
- Memorizar varios fragmentos musicais mailas escalas programadas no curso.
- Empregar as indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación dos textos musicais propostos neste curso.
- Desenvolver as bases para acadar a capacidade de interpretar os estudos e obras do repertorio de memoria, co fin de adquirir unha maior concentración na interpretación.
- Diferenciar e empregar os diferentes tipos de articulacións básicas: legato, stacatto e picado-ligado.

CONTIDOS DO 2º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
- Estudos de emisión do son.
- Principios básicos da dixitación.
- Práctica das distintas articulacións.
- Estudo da afinación.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Traballo da dinámica.
- Traballo dos diferentes intervalos.
- Estudo das diferentes escalas maiores e menores.
- Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas.
- Estudos da boquilla.
- Utilización de instrumentos afines, que por tamaño faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta (**cornetín ou corneta de pistóns**).
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudos correctos e eficaces. Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis - **motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.**- para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva. Selección progresiva en canto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Inicio do estudo da improvisación partindo da relación pregunta-resposta.
- Práctica de conxunto.
- Práctica das escalas do curso.

Recursos 2º Curso G. Elemental:

First Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....R. Getchell

Escoitar, ler e tocar vol. 2.....Ed: de Haske

Le trompette en Herbe.....F. Daneels

Embouchure Builder.....L. Little

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CULLEREDO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Obras (orientativas):

Au Chateau de Chantilly.....W. dorsselaer

Comptine.....P. Bigot

Premier Succès.....L. Picavais

Piece de Concours I.....J.M.Defaye

Temporalización dos Contidos:

Primera Avaliación:

First Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....estudos 1-7

Escoitar, ler e tocar vol. 2.....lección 1-10

Le trompette en Herbe.....exer. 96-114

Escalas maiores ata unha alteración e os seus respectivos arpejos.

Unha obra a elixir entre as que figuran na programación do curso.

Segunda Avaliación:

First Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....estudos 8-14

Escoitar, ler e tocar vol. 2.....lección 11-15

Le trompette en Herbe.....exer. 115-133

Escalas maiores ata 2 alteracións e seus respectivos arpejos.

Unha peza de concerto de escoitar, ler e tocar vol.2

Terceira Avaliación:

First Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....estudos 15-21

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Escoitar, ler e tocar vol. 2.....lección 16-20

Le trompette en Herbe.....exer. 134-153

Escalas menores ata 2 alteracións e seus respectivos arpejos.

Unha obra a elixir entre as que figuran na programación do curso.

Mínimos esixibles:

Os criterios A e B serán considerados mínimos esixibles

Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a obtención das calificacións o profesor disporá das seguintes ferramentas e procedementos de avaliación

- Observación sistemática.
- Diario de clase.
- Audicións de alumnos.
- Grabacións en audio o vídeo.
- Probas de nivel.

Criterios de cualificación

- Traballo personal (semanal de aula): 70%
- Actitude: 10%
- Audicións- Grao de consecución do repertorio: 20%

Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais

- Texto (dificultade da obra, fidelidade á partitura, memoria): 20%
- Ritmo (precisión, exactitude rítmica, tempo): 20%
- Musicalidade estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escena): 20%
- Técnica (articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, dixitación, rexistro): 40%

OBXECTIVOS DO 3º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CULLEREDO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

O ensino da trompeta no 3º curso de grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre as dúas mans.
- Utilizar con eficacia e rendemento a columna de aire mediante a técnica de respiración abdóminodiafragmática como medio para posibilitar un son estable e centrado en toda a extensión do instrumento.
- Mellorar o dominio da embocadura mediante o control necesario dos músculos que a forman para permitir unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son nos diferentes rexistros.
- Coñecer e comezar a utilizar os diferentes matices para dar cor e expresión á interpretación musical.
- Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Aplicar os coñecementos musicais propios deste nivel ás características da escritura e literatura do instrumento da propia especialidade.
- Iniciar ao alumno na agónica e a dinámica para o enriquecemento da partitura musical.
- Recoñecer o fraseo musical dunha obra ou fragmento e relacionalo coas respiracións musicais, establecendo ao mesmo tempo as normas básicas que rexen a sintaxes musical.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e utilízalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Desenvolver a habilidade de lectura a primeira vista que lles permita participar nun conxunto instrumental e ter acceso a un repertorio máis amplo segundo a esixencia do nivel.
Utilizar a improvisación e a creación, tanto rítmica como melódica e harmónica, como medio de maior liberdade de expresión e de organización da linguaxe musical.
- Establecer a capacidade de interpretar os estudos e obras do repertorio de memoria co fin de adquirir unha maior concentración na interpretación.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Aprender a tocar con acompañamento de piano e/ou doutros instrumentos harmónicos sabendo situarse como solista no contexto da obra musical que se interpreta.
- Desenvolver a práctica musical en grupo e o hábito de escoitar a outros instrumentos e de adaptarse harmónicamente a un conxunto.
- Desenvolver por si mesmo un sistema de traballo individual que rentabilice o tempo empregado no estudo diario.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

CONTIDOS DO 3º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Fortalecemento dos músculos faciais.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
- Estudos de emisión do son.
- Principios básicos da dixitación.
- Práctica das distintas articulacións.
- Estudo da afinación.
- Traballo da dinámica.
- Traballo dos diferentes intervalos.
- Estudo das diferentes escalas maiores e menores.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas.
- Estudos da boquilla.
- Utilización de instrumentos afines, que por tamaño faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta (**cornetín ou corneta de pistóns**).
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudos correctos e eficaces.
- Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis - **motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.**- para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva en canto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno. Inicio do estudo da improvisación partindo da relación pregunta-resposta.
- Práctica de conxunto.
- Práctica das escalas do curso.

Recursos 3º Curso G. Elemental:

Método Completo..... J.B. Arban

First Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....R. Getchell

Escoitar, ler e tocar vol. 3.....Ed: de Haske

Embouchure builderL. Little

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Le trompette en Herbe.....F. Daneels

Obras (orientativas):

BARROCO

Two Sonatas..... James Hook

S.XX

Andante et allegro cómodoE. Baudrier

BerceuseO. Bohme

GaminerieG. Friboulet

Minute.....F. Constant

Humoresque.....M. Poot

Temporalización dos Contidos:

Primeira Avaliación:

First Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....estudios 22-28

Escoitar, ler e tocar vol. 3.....lección 1-10

Embouchure builder.....exer. 1-12.

Le trompette en Herbe.....exer. 154-165

Escala da Mi b maior e Do menor e seus respectivos arpejos.

Unha obra a elixir entre as que figuran na programación do curso.

Segunda Avaliación:

First Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....estudios 29-35

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Escoitar, ler e tocar vol. 3.....	lección 10-15
Embouchure builder.....	exer 13- 17.
Le trompette en Herbe.....	exer. 166-177
Escala La maior e Fa# menor e seus repectivos arpexios.	
Unha peza de concerto de escuchar, leer y tocar vol 3	

Terceira Avaliación:

First Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....	estudios 36-42
Escoitar ler e tocar vol. 3.....	lección 16-20
Embouchure builder.....	exer 18 e 22.
Le trompette en Herbe.....	exer.178-200
Repaso de escalas maiores e menores ata tres alteracións.	
Unha obra a elixir entre as que figuran na programación do curso.	

Mínimos esixibles:

Os criterios A, B e C serán considerados mínimos esixibles

Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a obtención das calificacións o profesor disporá das seguintes ferramentas e procedementos de avaliación

- Observación sistemática.
- Diario de clase.
- Audicións de alumnos.
- Grabacións en audio o vídeo.
- Probas de nivel.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Criterios de cualificación

- Trabajo personal (semanal de aula): 70%
- Actitude: 10%
- Audicións- Grao de consecución do repertorio: 20%

Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais

- Texto (dificultade da obra, fidelidade á partitura, memoria): 20%
- Ritmo (precisión, exactitude rítmica, tempo): 20%
- Musicalidade estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escena): 20%
- Técnica (articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, dixitación, rexistro): 40%.

OBXECTIVOS DO 4º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

O ensino da trompeta no 4º curso de grado elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre as dúas mans mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Aplicar os coñecementos musicais propios deste nivel ás características da escritura e literatura do instrumento da propia especialidade.
- Empregar a agóxica e a dinámica para o enriquecemento da partitura musical.
- Desenvolver a habilidade de lectura a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras do repertorio acordes co nivel.
- Interpretar estudos e obras do repertorio de memoria, co fin de adquirir unha maior concentración na interpretación.
- Tocar con acompañamento de piano e/ou doutros instrumentos harmónicos, sabendo situarse como solista no contexto da obra musical que se interpreta.
- Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento coas mesmas.
- Coñecer as posibilidades profesionais de realizarse coa música, con verdadeira vocación e suficiente vontade que lles permita continuar cos estudos musicais no Grado Profesional.
- Interpretar diante do público coa necesaria seguridade en si mesmos que lles permita vivir a música como medio de comunicación.

CONTIDOS DO 4º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Fortalecemento dos músculos faciais.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
- Estudos de emisión do son.
- Principios básicos da dixitación.
- Práctica das distintas articulacións.

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CULLEREDO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Estudo da afinación.
- Traballo da dinámica.
- Traballo dos diferentes intervalos.
- Estudo das diferentes escalas maiores e menores.
- Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas.
- Estudos da boquilla.
- Utilización de instrumentos afines, que por tamaño faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta (**cornetín ou corneta de pistóns**).
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudos correctos e eficaces.
- Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis - **motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.**- para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva en canto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Inicio do estudo da improvisación partindo da relación pregunta-resposta.
- Práctica de conxunto.
- Práctica das escalas do curso.

Recursos 4º Curso G. Elemental:

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CULLEREDO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Second Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....**R. Getchell**

Technical studies**H. L. Clarke**

Embouchure builder**L. Little**

Método completo**J. L. Arban**

Obras (orientativas):

BARROCO

Intrada et Rigaudon.....**H. Purcell**

Sonata en Fa **A. Corelli**

Aria "Bist du bei mir"**J. S. Bach**

Largo.....**G. F. Handel**

S.XX

Air Gai.....**G. P. Berlioz**

Peza de Concurso **L. Picavais**

Andante et Allegro moderato**G. Rene**

Lied**E. Bozza**

Eolo o Rei.....**F. Ferrán**

Temporalización dos Contidos:

Primeira Avaliación:

First Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....estudos 43-49

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Technical studies. H. L. Clarke.....ex.1-9 páx 5

Embouchure builderexer 23-30

Método completo Arban.....ex.1-3 páx 39, ex.31 páx 48; páx 59-63

Escala Lab Maior - Fa menor e os seus respectivos arpejos.

Unha obra a elixir entre as que figuran na programación do curso.

Segunda Avaliación:

First Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....estudos 50-56

Technical studies. H. L. Clarke..... ex.10-19 páx.6

Embouchure builder..... exer 31-37

Método completo J. B. Arban ex.2,9 e10 p. 39-40, p. 63 a 67.

Escalas Mi Maior – Do # menor e os seus respectivos arpejos.

Unha obra a elixir entre as que figuran na programación do curso.

Terceira Avaliación:

First Book of Practical Studies for Cornet and Trumpet.....estudos 57-64

Technical studies. H. L. Clarke..... ex. 20-25 e o estudio 1

Embouchure builder.....exer 38-42

Método completo J. L. Arban exer. 36 páx 48.

Repaso escalas ata catro alteracións e seus respectivos arpejos.

Unha obra a elixir entre as que figuran na programación do curso.

Obxectivos Mínimos:

Os criterios A, B, C, D, serán considerados mínimos esixibles.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a obtención das calificacións o profesor disporá das seguintes ferramentas e procedementos de avaliación

- Observación sistemática.
- Diario de clase.
- Audicións de alumnos.
- Grabacións en audio o vídeo.
- Probas de nivel.

Criterios de cualificación

- Traballo personal (semanal de aula): 70%
- Actitude: 10%
- Audicións- Grao de consecución do repertorio: 20%

Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais

- Texto (dificultade da obra, fidelidade á partitura, memoria): 20%
- Ritmo (precisión, exactitude rítmica, tempo): 20%
- Musicalidade estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escena): 20%
- Técnica (articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, dixitación, rexistro): 40%

CRITERIOS DE AVALIACIÓN GRAO ELEMENTAL

A. LER TEXTOS A PRIMEIRA VISTA CON FLUIDEZ E COMPRENSIÓN. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumno/a para desenvolverse con certo grado de autonomía na lectura dun texto.

B. MEMORIZAR E INTERPRETAR TEXTOS MUSICAIS EMPREGANDO A MEDIDA, AFINACIÓN, ARTICULACIÓN E FRASEO ADECUADO AO SEU CONTIDO. Este criterio

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

- C. INTERPRETAR OBRAS DE ACORDO COS CRITERIOS DO ESTILO CORRESPONDENTE.** Con isto preténdese comprobar a capacidade de alumno para empregar o “tempo”, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- D. MOSTRAR NOS ESTUDOS E OBRAS A CAPACIDADE DE APRENDIZAXE PROGRESIVA INDIVIDUAL.** Este criterio pretende verificar que o alumno é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- E. INTERPRETAR EN PÚBLICO COMO SOLISTA E DE MEMORIA OBRAS REPRESENTATIVAS DO SEU NIVEL NO INSTRUMENTO, CON SEGURIDADE E CONTROL.** Aquí trátase de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol e o dominio da obra estudada. Así mesmo preténdese estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- F. ACTUAR COMO MEMBRO DUN GRUPO E MANIFESTAR A CAPACIDADE DE TOCAR, AO MESMO TEMPO QUE ESCOITA E ADÁPTASE AO RESTO DOS COMPAÑEIROS.** Este criterio presta atención á capacidade do alumno para adaptar a afinación, a precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros nun traballo común.

CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN DE CADA CURSO DO GRAO ELEMENTAL

Os criterios mínimos de avaliación están expostos no apartado de Criterios de Cualificación correspondentes as cualificacións 5-6 e son os seguintes:

Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo).

Traballo técnico adecuado.

Continuidade na interpretación da obra.

Evidencia dunha cuidadosa preparación.

O Alumnado ao finalizar o grao elemental debe:

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CULLEREDO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- 1. SABER RESPIRAR CORRECTAMENTE PARA PODER TOCAR A TROMPETA.**
- 2. TER UNHA EMBOCADURA BEN FORMADA** (máscara fisiolóxica).
- 3. SABER COLLER A TROMPETA CORRECTAMENTE E CON NATURALIDADE.**
- 4. DOMINAR O PICADO, LIGADO** (articulacións simples) **E A DINÁMICA.**
- 5. BUSCAR UNHA BOA SONORIDADE E TESITURA ACEPTABLE.**

TÁBOA DE VALORACIÓNS NUMÉRICAS PARA O GRAO ELEMENTAL CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA TODOS OS CURSOS

1 Carencia total de traballo individual

2-3 Graves dificultades coa lectura e interpretación das notas e do ritmo

Interrupcións frecuentes

Acusada falta do control do son

Escaso dominio da obra

Falta de control técnico das diferentes seccións da obra

4 Insuficiencia do nivel preciso e aceptable segundo os criterios de avaliación de cada curso

Falta de continuidade na interpretación

Pobre recuperación dos atrancos

Erros de afinación e ritmo

Baixa calidade do son

Falta de preparación xeral

Actitude negativa e falta de interese na materia

5-6 Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo)

Traballo técnico adecuado

Continuidade na interpretación da obra

Evidencia dunha cuidadosa preparación

7-8 Interpretación realizada con seguridade técnica

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Evidencia de control do son e da
afinación Tempo adecuado e
mantido

Uso correcto das dinámicas e do fraseo

Capacidade de resposta ó estilo

9.10 Interpretación creativa realizada con fluidez e seguridade técnica

Dominio da memoria

Atención ás dinámicas e o fraseo

Control do son e da afinación

Tempo axeitado dende o punto de vista musical

Comprensión dos detalles musicais e do carácter e estilo da obra

Criterios de avaliación das probas de acceso

No referido aos criterios de avaliación das probas de acceso estarase ao disposto nos criterios de avaliación reflectidos nesta programación e correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que opte o/a aspirante, así coma aos criterios de cualificación expostos para cada grao aplicados ao curso ao que se desexa acceder.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Tendo en conta a asimilación na propia lexislación da avaliación continua como criterio de recuperación, entendéndose por isto a superación progresiva de contidos previos non superados ao longo de todo o ano, as actividades de recuperación citadas neste apartado aludirán ao suposto de o/ alumno/a ter chegado ao fin do curso académico coa materia non aprobada. Esencialmente estas actividades aparecerán reflectidas no informe de recuperación. Este informe consiste nun documento redactado polo profesor da materia onde se recollen obxectivos non acadados e criterios de avaliación coas actividades a realizar polo/a discente para a superación da disciplina na convocatoria de setembro.

REFORZOS PARA A RECUPERACIÓN

O profesor poderá planificar no horario de tutorías as actividades de reforzo pertinentes para que o/a alumno/a poida, de xeito satisfactorio, superar os problemas acontecidos durante o curso académico.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Segundo o establecido na lexislación vixente o/a alumno/a poderá promocionar ao curso inmediatamente superior, unha vez acreditado o dominio das distintas materias que conforman o currículo do curso no que figura matriculado, previa solicitude e aprobación por parte dos docentes das materias aludidas e posterior ratificación por parte do consello escolar.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA-ESCOLARES

En función do calendario lectivo e o transcurso da actividade educativa incorporaremos á programación diferentes actividades extra- académicas que enriquezan o proceso de aprendizaxe:

- Audicións. Programaranse como mínimo dúas audicións ao longo do curso (como orientación, realizaríase unha no segundo trimestre, e outra a finais do curso). Debemos valoralas na súa dupla vertente: a do/a alumno/a que toca, e que exercita a súa capacidade como solista ao tempo que pon en práctica os recursos técnicos e expresivos que vai adquirindo ao longo do curso, e a do/a alumno/a que asiste en calidade de público, que exercita o seu oído musical, ao tempo que valora o traballo dos seus compañeiros desenvolvendo o seu espírito crítico.
- Asistencia a concertos. Resultan positivos en todas as súas variedades: concertos de profesores, de agrupacións musicais do propio centro, de conxuntos doutros conservatorios, de orquestras profesionais, solistas internacionais, etc
- Visitas culturais: o centro poderá organizar saídas cunha finalidade artístico-cultural. Especificamente, pola condición dos estudos musicais, a estas alturas da formación do alumnado é máis que recomendable a visita ao taller dun luthier (podemos atopar luthiers

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

profesionais no ámbito galego). Esta práctica permite aos alumnos profundar no coñecemento físico do seu instrumento, así como realizar preguntas sobre o proceso de construción e reparación. Unha vez máis, estariamos proporcionando ao alumnado elementos para o desenvolvemento dun criterio ben informado.

- Asistencia a ensaios de orquestras profesionais. No ámbito galego contamos con dúas orquestras profesionais, como son a Orquestra Sinfónica de Galicia, con sede na Coruña, e a Real Filarmonía de Galicia, radicada en Santiago. Para o alumnado resulta moi enriquecedor o contacto coa profesión e a posibilidade de observar un proceso de traballo real. Sería desexable redondear o exercicio mediante unha sesión de preguntas e respostas no caso de que o director e os músicos manifestasen a súa conformidade.
- Asistencia a cursos e talleres con profesores convidados. Favorece a apertura a outros procesos pedagóxicos e o contacto con alumnado pertencente a outras culturas.
- Programación de audicións comentadas: na medida que permítan os recursos do centro, ou as posibles achegas do corpo docente, resultan moi estimulantes as proxeccións de videos ou a reprodución de discos de grandes obras e intérpretes, introducidos e comentados polo profesor. A actividade enriquecese en gran medida coa apertura dun debate posterior no que os/as alumnos/as poidan expoñer e confrontar as súas ideas.

Acceso a outros cursos de Grao Elemental

As obras orientativas serán as fixadas para o curso anterior ao que realizarán a proba. Tendo que interpretar dúas obras de diferentes estilos unha delas de memoria. Así como traer una copia como mínimo para o tribunal.

GRAO PROFESIONAL (segundo o Decreto 203/2007)

OBXECTIVOS XERAIS

O ensino de instrumentos de vento metal no grado profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: **dixitación, articulación, fraseo, etc...**
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.
- Práctica da música de conxunto en formacións características de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- Coñecer a historia evolutiva da trompeta, conseguir homoxeneidade no son nos distintos rexistros, unha certa rapidez na execución de escalas, boa execución de grupetos, trinos e mordentes, e coñecemento dos estilos Barroco, Clásico e Romántico por medio de concertos e fragmentos orquestrais.

CONTIDOS XERAIS

- Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento.
- Estudo do rexistro agudo.
- Estudo dos ornamentos (trino, grupetos, apoyaturas, mordentes, etc.).
- Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este nivel.
- Profundar en todo o referente á articulación: estudo do dobre e triplo picado.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña melódica, cor e expresión, adecuándose aos diferentes estilos, con especial estudo nos tempos lentos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica nos diferentes registros.
- Iniciación e interpretación da música contemporánea así como o coñecemento dos seus grafas e efectos.
- Estudo dos instrumentos afíns (**fliscorno, corneta e cornetín**).
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das vixentes versións.

GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS DO 1º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

O ensino da trompeta no 1º curso de grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnado as capacidades seguintes:

- Ampliar a práctica da respiración e a relaxación.
- Profundar a técnica ampliando recursos sonoros, tímbricos e rexistro no instrumento.
- Dominar a expresión amparándose nos recursos técnicos, facilitando así a interpretación dos distintos estilos.
- Ampliar e interiorizar de forma autónoma os coñecementos musicais para lograr unha correcta interpretación.
- Utilizar con corrección a dixitación a articulación, fraseo, etc., para unha correcta expresión musical.
- Asentar os tres alicerces básicos dentro do estudo da trompeta: emisión, sonoridade e afinación.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Abordar obras representativas das diferentes épocas e estilos.
- Practicar a música de conxunto, en distintas formacións, abarcando desde o repertorio de solista ao de instrumentista nos diferentes grupos.
- Estudar as principais características dos distintos períodos históricos, así como as graffias e ornamentacións.
- Practicar a lectura a primeira vista.
- Interpretar en público, empregando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos obras acordes co nivel.
- Iniciar o estudo do transporte.

CONTIDOS DO 1º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

- Práctica dos principais exercicios de respiración e relaxación.
- Estudo da boquilla.
- Estudo das notas pedais.
- Estudo da velocidade en toda a extensión do instrumento.
- Estudo do rexistro agudo.
- Estudo da expresión, prestando interese aos distintos estilos, a favor da interpretación.
- Estudo de exercicios específicos de emisión.
- Estudo de exercicios específicos de picado simple, así como dobre e triplo.
- Estudo de exercicios específicos de afinación.
- Estudo de exercicios específicos de sonoridade.

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CULLEREDO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Estudo da posición fixa, chegando a conseguir trinos no rexistro agudo.
- Aplicación dos exercicios anteriores nos específicos de expresividade.
- Práctica dos diferentes estilos por medio de obras e exercicios.
- Estudo dos exercicios de transporte.
- Práctica nas diferentes formacións.
- Estudo dos diferentes modelos de escalas para aplicarlas á interpretación dos diferentes estilos.
- Estudo dos estratos de orquestra.
- Estudo dos trazos característicos (articulación, fraseo, ornamentación, etc.) de cada estilo.
- Dominio da lectura a primeira vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das diferentes versións.

Recursos:

The Buzzing Book**J. Thompson**

Lyrical studies**G. Concone**

Practical studies 2º cuaderno.....**R. Getchell**

Technical studies**H. L. Clarke**

Método completo**J. B. Arban**

Obras (orientativas):

BARROCO

Sonata en Sib**J. B. Loeillet**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Jesús que ma jole demeure **J. S. Bach**

Suite Nº 1..... **G. P. Telemann**

ROMÁNTICO

Solo de Concours..... **Eugene Cools**

S.XX (ESPAÑOL)

Eolo o rei dos ventos..... **Ferrer Ferrán**

Follas de outono **S. Brotons**

S XX (EXTRANXEIRO)

Andante et allegro moderato **R. Gaudron**

Pièce de concours II **J. M. Defaye**

Intermezzo..... **J.Feld**

Invocation..... **R. Starter**

Rondo for lifey..... **L. Bernstein**

Arlequinade..... **A. Beaucamp**

Prayer of Saint Gregory..... **Alan**

Hovhaness

Temporalización dos Contidos:

Primeira Avaliación:

Lyrical studies. G. Concone..... estudos do 1 ao 7.

Practical studies. R. Getchell vol 2..... estudos 65 ao 74

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Technical studies. H. L. Clarke.....páx 8 e 9 exer. ata 4 alteracións.

Método Arban..... ex13 páx 41, ex.37 páx 49, ex.1-2 páx 155,
ex1-2 páx 175

Escala Reb Maior –Sib menor e os seus respectivos arpexios.

Unha obra a elixir entre as que figuran na programación do curso.

Segunda Avaliación:

Lyrical studies. G. Concone..... estudos do 8 ao 12.

Practical studies. R. Getchell vol 2.....estudos do 75 ao 84.

Technical studies. H. L. Clarke.....páx. 8 e 9 ex. 31, 33 e 43.

Método completo J. B. Arban.....ex.14 páx 41, ex.40 páx 49, ex. 3 e 10 páx 155,
157, ex. 3 e 5 páx 175.

Escala Si Maior –Sol# menor e seus arpexios

Unha obra a elixir entre as que figuran na programación do curso.

Terceira Avaliación:

Lyrical studies. G. Concone..... estudos do 13 ao 16.

Practical studies. R. Getchell vol 2.....estudos do 85 ao 94.

Technical studies. H. L. Clarke..... estudo 2.

Método completo J. B. Arban ex.15 páx 41, ex.42 páx 49, ex.11 e 16 páx
157 e 159, ex. 6 e 14 páx 176 ,177.

Repaso das escalas ata 5 alteracións e os seus respectivos arpexios.

Unha obra a elixir entre as que figuran na programación do curso.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Mínimos esixibles

Os criterios A, B, C, D, serán considerados mínimos esixibles

Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a obtención das calificacións o profesor disporá das seguintes ferramentas e procedementos de avaliación

- Observación sistemática.
- Diario de clase.
- Audicións de alumnos.
- Grabacións en audio o vídeo.
- Probas de nivel.

Criterios de cualificación

- Traballo personal (semanal de aula): 70%
- Actitude: 10%
- Audicións- Grao de consecución do repertorio: 20%

Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais

- Texto (dificultade da obra, fidelidade á partitura, memoria): 20%
- Ritmo (precisión, exactitude rítmica, tempo): 20%
- Musicalidade estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escena): 20%
- Técnica (articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, dixitación, rexistro): 40%

OBXECTIVOS DO 2º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

O ensino da trompeta no 2º curso de grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Ampliar a técnica, mostrando autonomía no uso dos recursos sonoros, tímbricos, e traballar na ampliación do rexistro do instrumento.
- Apoiar o traballo da expresión, cun maior dominio dos recursos técnicos que facilite a interpretación dos diferentes estilos.
- Interiorizar os coñecementos musicais a favor da interpretación.
- Dominar a dixitación, articulación, fraseo, buscando a calidade na interpretación dos estilos musicais.
- Traballar con autonomía os tres principais alicerces do estudo da trompeta: emisión, sonoridade e afinación.
- Estudar obras representativas das diferentes épocas, profundando nos trazos estilísticos.
- Practicar a música de conxunto, en distintas formacións, abarcando desde o repertorio solista, ao de instrumentista, nos diferentes grupos.
- Estudar as principais características dos distintos períodos históricos, así como as súas grafías e ornamentacións.
- Practicar a lectura a primeira vista.
- Interpretar en público, empregando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos obras acordes co nivel.
- Continuar o estudo do transporte

CONTIDOS DO 2º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

- Práctica dos principais exercicios de respiración e relaxación.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Estudo da boquilla.
- Estudo das notas pedais.
- Estudo da velocidade en toda a extensión do instrumento.
- Estudo do rexistro agudo.
- Estudo da expresión, prestando interese aos distintos estilos, a favor da interpretación.
- Estudo de exercicios específicos de emisión.
- Estudo de exercicios específicos de picado simple, así como dobre e triplo.
- Estudo de exercicios específicos de afinación.
- Estudo de exercicios específicos de sonoridade.
- Estudo da posición fixa, chegando a conseguir trinos no rexistro agudo.
- Aplicación dos exercicios anteriores nos específicos de expresividade.
- Práctica dos diferentes estilos por medio de obras e exercicios.
- Estudo dos exercicios de transporte.
- Práctica nas diferentes formacións.
- Estudo dos diferentes modelos de escalas para aplicarlas á interpretación dos diferentes estilos.
- Estudo dos extractos de orquestra.
- Estudo dos trazos característicos (articulación, fraseo, ornamentación, etc.) de cada estilo.
- Dominio da lectura a primeira vista.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das diferentes versións.

Recursos:

The Buzzing Book	J. Thompson
Lyrical studies	G. Concone
Practical studies	R. Getchell
Technical studies	H. L. Clarke
Método complete	J. B. Arban

Obras (orientativas):

BARROCO

Sonata.....	F. Veracini
Bach suite	J. S. Bach

ROMANTICO

Andante et allegro.....	G. Balay
Der libestraun.....	T. Hoch.
Lègende Héroique.....	Jules Mouquet

S.XX

Aria et scherzo	A. Arutiunian
Badinage.....	E. Bozza
Andante et scherzo	H. Busser
Sonata.....	M. Enmanuel
Ode for trumpet	A. Reed

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TROMPETA

Boutade.....**P. Gabaye**

Temporalización dos Contidos:

Primeira Avaliación:

Lyrical studies. G. Concone..... estudos do 17 ao 21.

Practical studie. R. Getchell vol 2..... estudos do 95 ao 103.

Technical studies. H. L. Clarke..... páx.9 ex.38; páx10-11 ata 3 alteracións

